







O XARDÍN SECRETO

Primeira edición en Aira, primeira impresión, 2021

The Secret Garden, 1911

Aira editorial, 2020

©Follas Voadoras, SL

Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo

32660 Allariz

©Tradución ao galego: Carlos Freire.

Ilustración da capa: Miguel Robledo.

Deseño e maquetación: Miguel Mosquera.

Impresión: Imprenta Mundo.

ISBN: 978-84-123849-3-2

Depósito legal: OU 155-2021

Accede á nosa web con este código e participa nos sorteos e promocións especiais para a comunidade lectora da Aira.



**XUNTA
DE GALICIA**

Esta obra recibiu unha subvención da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

O xardín secreto
Frances Hodgson Burnett
Tradución de Carlos Freire



Aira

ÍNDICE

1. NON QUEDA NINGUÉN	9
2. SEÑORITA MARY, A FACHENDOSA	15
3. POLO PÁRAMO	23
4. MARTHA	29
5. O CHORO NO CORREDOR	47
6. ALGUÉN CHORABA, QUE EU O OÍN	55
7. A CHAVE DO XARDÍN	63
8. O PAPERROIBO QUE MOSTROU O CAMIÑO	71
9. A CASA MÁIS ESTRAÑA	81
10. DICKON	91
11. O NIÑO DO TORDO DE MISSEL	103
12. PODO TER UN PEQUENO XARDÍN?	113
13. EU SON COLLIN	123
14. O PEQUENO RAXÁ	137
15. ANIÑANDO	151
16. NON O FAREI!	165
17. UNHA RABECHA	173
18. NON HAI TEMPO QUE PERDER	181
19. CHEGOU!	189
20. VOU VIVIR PARA SEMPRE! PARA SEMPRE!	201
21. BEN WEATHERSTAFF	211
22. O LUSCOFUSCO	223
23. MAXIA	229
24. QUE RÍAN	243
25. A CORTINA	257
26. É A MAMAI	265
27. NO XARDÍN	275

CAPÍTULO I
NON QUEDA NINGUÉN

Cando Mary Lennox foi a Misselthwaite Manor para vivir co seu tío, todo o mundo dixo que era a rapariga menos xeitosa que viran. E tiñan razón. A súa cara era do máis delgado, igual ca o resto do seu corpo. O seu cabelo era moi fino e a súa expresión, amargada. Era unha rapaza de cabelo louro, igual ca o ton da súa cara, pois nacera na India e sempre estivera enferma, por unha cousa ou por outra. O seu pai traballara para o goberno inglés e sempre estaba ocupado, e a súa nai era unha muller de gran beleza á que só lle interesaba asistir a festas e pasalo ben con xente divertida. Non tiña o menor interese en ter unha filla, e cando Mary naceu entregoulla a unha Ayah¹ que lle fixo comprender que, se quería complacer á Mem Sahib, tería que agochar a filla o maior tempo posible. Así, cando só era unha bebé delgadiña, queixosa e fea foi apartada do resto do mundo e, cando se converteu nunha nena delgadiña e queixosa que acababa de dar os seus primeiros pasos, volveu ser apartada do mundo. Non lembraba un só rostro familiar, excepto as serias caras da súa Ayah e do resto de serventes nativos. Dado que sempre a obedecían e lle cumprían todos os caprichos, pois a Mem Sahib alporizaríase se os choros da nena a amolasen, cando cumpriu seis anos era a criatura máis tiránica e egoísta que xamais existira. A institutriz inglesa que ía

1. Ayah é un termo utilizado na India para designar as persoas encargadas de coidar dos nenos (Todas as notas son do tradutor).

á súa casa para ensinarlle a ler e escribir detestábaa tanto que dimitiu aos tres meses de comezar, e ningunha das institutrices que ocuparon despois o seu posto durou máis tempo ca ela. Deste xeito, de non ser porque Mary realmente quería aprender a ler libros, xamais tería aprendido as letras.

Unha calorosa mañá, cando tiña nove anos, espertou moi alporizada, e alporizouse aínda máis cando viu que a serventa que tiña ao lado non era a súa Ayah.

—E ti que fas aquí? —preguntoulle á muller descoñecida—. Non penso deixar que quedes aquí. Trae a miña Ayah agora mesmo.

A muller parecía asustada, pero limitouse a murmurar que a Ayah non podería vir. Despois de que Mary xuntase toda a súa rabia para darlle golpes e patadas, o seu aspecto volveuse aínda máis aterrado e repetiu que á Ayah non lle ía ser posible estar coa señorita Sahib.

Algo estraño flotaba no aire aquela mañá. Nada se estaba a facer coma de costume e faltaban varios dos serventes nativos. Os que Mary podía ver evitábana con expresións preocupadas e medrosas. Pero ninguén lle dicía nada e a súa Ayah non acudiu. De feito, aquela mañá quedou soa, e finalmente decidiu saír ao xardín para xogar baixo unha árbore que había ao lado da terraza. Xogaba a facer unha cama de flores, para o que xuntaba flores de hibisco de cor escarlata sobre pequenos montóns de terra mentres se alporizaba máis e murmuraba para si mesma as cousas que lle diría á súa coidadora cando volveuse.

«Porca! Porca! Fillas de porcos!» dicía, xa que «porco» era o peor insulto que un nativo podía escoitar.

Estaba apertando os dentes e repetindo a frase cando viu a súa nai saír con alguén á terraza. Estaba cun home novo e aposto e falaban en voz baixa. Mary coñecía o atractivo mozo que parecía máis ben un neno. Escoitara que era un oficial moi novo que acabara de

chegar de Inglaterra. A nena mirábao de cando en vez, pero tiña a mirada cravada na súa nai. Sempre o facía cando tiña ocasión de vela porque a Mem Sahib², como Mary adoitaba chamala, era unha persoa alta, delgada e atractiva que sempre vestía bonitas roupas. O seu cabelo era coma seda rizada, o seu delicado nariz semellaba desprezalo todo e os seus grandes ollos parecían sorrir. Todas as súas roupas eran finas e coloridas, e Mary adoitaba dicir que estaban «cheas de encaixes». Aquela mañá tiñan máis encaixes ca nunca, pero os seus ollos non sorrían. Parecían asustados e miraban a cara do oficial cun xesto de súplica.

—Pero tan malo é? De verdade? —Mary escoitou-lle dicir.

—Terrible —respondeu o mozo con voz trémula—. Terrible, señora Lennox. Debería ter ido aos outeiros hai dúas semanas.

A Mem Sahib fretou as mans.

—Xa sei que debería! —exclamou—. Só quedei aquí para poder ir a aquela cea. Mira que fun parva!

Nese momento saíu dos cuartos dos serventes un son de lamento tan ruidoso que se aferrou ao brazo do mozo, e un calafrío percorreu o corpo de Mary dos pés á cabeza. O grito escoitábase cada vez máis.

—Que é iso? Que é iso? —dixo a señora Lennox.

—Alguén morreu —respondeu o oficial—. Non me dixo que se estendera entre os seus criados.

—Non o sabía! —exclamou a Mem Sahib—. Veña comigo! Veña comigo! —e deu a volta para dirixirse ao interior da casa.

Cousas terribles sucederon despois, e o círculo de Mary habíalle explicar máis adiante o acontecido

2. Mem Sahib é un termo de respecto utilizado na India para referirse ás mulleres brancas casadas ou dunha clase social alta. Neste caso, Mary utilízao para referirse á súa nai.

aquela misteriosa mañá. Xurdira un terrible gromo da peor forma de cólera, e as persoas caían coma moscas. A Ayah enfermara a noite anterior, e por iso os criados se lamentaban nos seus cuartos. Nas horas seguintes morreron outros tres serventes e os demais fuxiran aterrORIZADOS. O pánico estendérase por todas as partes, e por todas as vivendas había persoas moribundas.

Durante a confusión e o balbordo do segundo día, Mary agochouse no seu cuarto e ninguén lembrou recollela. Ninguén pensaba nela, ninguén a quería, e estaban pasando cousas estrañas que non entendía. Mary pasaba as horas chorando e durmindo. Todo o que sabía era que había moita xente enferma e que escoitaba rúidos misteriosos e sinistros. Nunha ocasión camiñou ata o comedor e atopouno baleiro, malia que había un prato a medias na mesa e as cadeiras e o resto de pratos daban a sensación de que os comensais saíran correndo de súpeto. A nena comeu un pouco de froita e unhas galletas e, sedenta, bebeu unha copa chea de viño. Tiña un sabor doce e non sabía o forte que era. Axiña comezou a ter sono, así que volveu encerrarse no seu cuarto, asustada polos gritos que escoitara nas outras habitacións e polo son de pés correndo. O viño déralle tanto sono que lle custaba traballo manter os ollos abertos, así que se deitou na cama e non se decatou de nada do que sucedeu a continuación.

Durante as horas que pasou profundamente durmida sucederon varias cousas, pero nin os lamentos nin os preocupantes sons da vivenda puideron amolala.

Cando espertou, permaneceu tombada mirando o teito. Reinaba un silencio absoluto na casa. Xamais a sentira tan tranquila. Xa non escoitaba voces nin pasos, e preguntábase se todos curaran do cólera e o

problema rematara. Preguntábase tamén quen cuidaría dela agora que a súa Ayah morrera. Habería unha nova Ayah, e mesmo ata aprendería historias novas. Mary xa estaba cansa das vellas. Non chorou pola morte da súa cuidadora. Non era unha nena agarimosa e nunca lle importara demasiado ninguén. O ruído e os lamentos polo cólera asustáranla, e alporizárase porque ninguén parecía lembrar que ela estaba viva. Todos estaban demasiado asustados para pensar nunha nena que ninguén quería. Parecía que as persoas que tiñan o cólera só pensaban en si mesmas. Pero se todos estaban curados, seguro que alguén lembraría que ela estaba alí soa.

Pero ninguén acudiu. Mentres agardaba, a casa volvíase máis e máis silenciosa. Escoitou un renxer na alfombra e, cando quixo ver de que se trataba, atopou unha pequena serpe que a miraba cos ollos abertos coma pratos. Non tiña medo, pois era unha cousiña pequena e inofensiva que non lle faría dano e semellaba ter présa por saír do cuarto. Saíu por debaixo da porta e ela seguiu coa mirada.

—Que silencio tan raro —dixo—. É coma se en toda a casa non houberse ninguén máis ca min e a serpe.

Entón oíu pasos na cerca, e despois na terraza. Eran pasos de homes, homes que estaban entrando na vivenda e que falaban en baixo. Ninguén foi recibilos e parecían estar abrindo as portas e revisando os cuartos.

—Que desolación! —escoitou dicir—. Esa muller tan guapa! Supoño que a nena tamén. Disque había unha nena, pero non a viu ninguén.

Mary estaba no centro do cuarto cando abriron a súa porta uns minutos despois. Tiña mal aspecto, e estaba realmente alporizada por sentir que a esqueceran. O primeiro home que entrou era un oficial alto que vira falando co seu pai nunha ocasión. Parecía canso

e preocupado, pero cando a viu levou tal susto que a piques estivo de retroceder dun salto.

—Barney! —berrou—. Aquí hai unha nena! Unha nena soa! Nun sitio coma este! Meu Deus, pero quen pode ser?

—Son Mary Lennox —dixo a cativa erguéndose tesa. Pareceulle de moi mala educación que o home chamase a casa do seu pai «un sitio coma este!»—. Quedei durmida cando todos tiñan o cólera e acabo de espertar. Por que non vén ninguén?

—É a nena que ninguén vira! —exclamou o home para os seus compañeiros—. Esquecérala!

—Por que me esqueceron? —dixo Mary dando unha patada no chan—. Por que non vén ninguén?

O home novo chamado Barney mirouna con tristeza. A Mary mesmo pareceulle velo fretar os ollos coma se quixese apartar as bágoas.

—Pobriña! —dixo—. Non queda ninguén que poida vir.

Así, dese xeito tan estraño e repentino, Mary decatouse de que xa non tiña pai nin nai, de que morreran e os levaran durante a noite, e de que os poucos criados que non morreran deixaran a casa tan rápido como puideran, sen que ningún lembrase a pequena señorita *Sahib*. Por iso a casa estaba tan silenciosa. Era certo, non había ninguén na casa excepto ela e aquela pequena serpe.